



CONCELLO DE LALÍN
www.lalin.gal

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE LALÍN E A ASOCIACIÓN DE PAIS DE DIMINUÍDOS PSÍQUICOS DE DEZA (ASPADEZA) PARA LEVAR A CABO ACTUACIÓNS CONXUNTAS EN MATERIA DE ATENCIÓN A PERSOAS CON DISCAPACIDADE PSÍQUICA NO CONCELLO DE LALÍN.

Lalín a 3 de decembro de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, D. Rafael Cuíña Aparicio Alcalde do Concello de Lalín designado na sesión do Pleno da Corporación do 13 de xuño de 2015 na súa condición de alcalde de acordo co artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, en representación do Concello de Lalín.

E doutra D^a. María Taboada García con DNI 02827094A, en calidade de Presidenta da Asociación de Pais de Diminuídos Psíquicos de Deza (ASPADEZA) con CIF G36369494 e domicilio en Lugar Mouriscade, s/n – Vilanova, segundo o disposto no artigo 27 dos seus Estatutos.

MANIFESTAN

PRIMEIRO.- Que a Constitución Española no seu artigo 49 establece que os poderes públicos realizarán unha política de previsión, tratamento, rehabilitación e integración dos diminuídos físicos, sensoriais e psíquicos, aos que lles prestarán a atención especializada que requiran e aos que ampararán especialmente para o gozo dos dereitos que o título I lles outorga a todos os cidadáns.

Así mesmo, o artigo 4.2 do Estatuto de autonomía de Galicia atribúelles aos poderes públicos de Galicia a promoción das condicións necesarias para que a liberdade e a igualdade dos individuos e dos grupos nos que se integran sexan reais e efectivas, removendo os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude.

SEGUNDO.- Que a Convención das Nacións Unidas sobre os dereitos das persoas con discapacidade, do 13 de decembro de 2006, ratificada polo Estado español, establece o

Concello de Lalín



CONCELLO DE LALÍN
www.lalin.gal

compromiso de promover, protexer e asegurar o pleno gozo dos dereitos humanos e liberdades fundamentais en condicións de igualdade por parte das persoas con discapacidade e de promover o respecto á súa dignidade inherente.

TERCEIRO.- Que a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no seu artigo 3, establece como un dos obxectivos do Sistema galego de servizos sociais o de garantir a vida independente e a autonomía das persoas en situación de dependencia.

CUARTO.- Que o Concello de Lalín, segundo se sinala no artigo 25.2.e da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da administración local, ten competencias en materia de avaliación e información de situacións de necesidade social e atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

A Lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia no seu artigo 60 dentro do título VII denominado “Da atribución de competencias” regula a competencia dos concellos en servizos sociais, establecendo no 60.1 apartado b) a competencia:

“a creación, a xestión, e o mantemento dos servizos sociais comunitarios específicos, sen perxuizo do establecido no artigo 59 i)”

Entendendo por funcións dos servizos sociais comunitarios específicos, entre outras, a programas e actividades para previr a exclusión de grupos vulnerables de características homoxéneas e facilitar a súa inserción e normalización social.

QUINTO.- Que de acordo co artigo 3.3.b) da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013 este convenio non se entende como exercicio de unha nova competencia posto que supón a continuidade de actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores .

SEXTO.-Que se entende queda debidamente acreditado o interese ou finalidade pública da axuda que, en virtude deste Convenio, aporta o Concello de Lalín ao abeiro da Base 27 de Execución do Orzamento do Concello de Lalín para o ano 2017, prorrogado para o 2018.

Concello de Lalín

Praza de Galicia, 1, Lalín. 36500 Pontevedra. Tfno. 986787060. Fax: 986780638




CONCELLO DE LALÍN
www.lalin.gal

Así e atendendo ao interese do obxecto do presente convenio, no Orzamento do Concello de Lalín para o exercicio 2017, prorrogado para o 2018, dotouse a partida 231.489.11 cunha subvención nominativa para a Asociación de Pais de Diminuídos Psíquicos de Deza (ASPADEZA).


SÉTIMO.- Que ASPADEZA, acolle na súa asociación e no seu centro ocupacional a persoas con discapacidade psíquica, realizando unha importante labor social co obxectivo da integración do citado colectivo na sociedade, perseguindo na medida do posible, a realización de actividades e tarefas acordes coa natureza do centro.

ASPADEZA ten na actualidade 168 persoas asociadas (55 familias) atendendo diariamente a 33 persoas.

OITAVO.- Que o Concello de Lalín pode determinar as bases e criterios da política de integración social e laboral das persoas con discapacidade, promovendo a participación de todos os axentes sociais nas actuacións que se van realizar con dito colectivo.




Para a consecución destes obxectivos, o Concello de Lalín, buscará liñas de cooperación coas distintas entidades sociais que teñen entre as súas funcións estes mesmos fins e desenvolverá os programas necesarios para a execución dunha axeitada política de integración das persoas con discapacidade. No mesmo senso o Concello de Lalín, a través da Concellería de Benestar Social, procurará a coordinación efectiva cos distintos sistemas de benestar e protección social que actúen no noso territorio, así como coas entidades de iniciativa social autorizadas que poidan complementar a nosa actuación.



En virtude do exposto, e no exercicio das competencias que lles son propias, as partes que interveñen están interesadas en establecer o presente convenio que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto.



O presente Convenio ten por obxecto regular a colaboración do Concello de Lalín con Aspadeza a efectos de contribuír ao desenvolvemento do programa de atención a persoas con discapacidade, que a entidade desenvolve, coa finalidade de facilitar a

Concello de Lalín

Praza de Galicia, 1, Lalín. 36500 Pontevedra. Tfno. 986787060. Fax: 986780638



integración social de este colectivo.

SEGUNDA.- Normativa.

- Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido de Lei Xeral de Dereitos das Persoas con Discapacidade e da súa inclusión social .
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.
- Base 27 de Execución do Orzamento do Concello de Lalín para o ano 2017, prorrogado para o ano 2018.
- Liña 3 do Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Lalín para o ano 2017, prorrogado para o ano 2018.

TERCEIRA.- Contido do programa e actuacións a desenvolver.

Este convenio servirá para desenvolver un programa de actuacións coas persoas con discapacidade que Aspadeza atende no seu centro ocupacional e que consistirán en:

1. Mantemento das instalacións do propio centro.
2. Colaboración na limpeza de oitenta e unha xardineiras municipais situadas nas rúas Ponte, Principal, Xoaquín Loriga, Colón, Praza da Igrexa, Praza do Concello, Praza Calvo Sotelo, Avda. Luis González Taboada, Avda. Xosé Cuíña e Rúa Ramón Aller, para aqueles usuarios da Asociación que teñan dentro da súa programación de actividades externas tal actuación por considerala axeitada para a súa integración social.
3. Colaboracións puntuais co Desván Municipal, que formen parte da programación de actividades externas que a asociación ten previstas para cada persoa usuaria, previa comunicación o Concello que deberá prestar o seu conforme en función da actividade prevista no servizo.
4. Colaboración puntuais na sinalización dos roteiros municipais, que formen parte da programación de actividades externas que a asociación ten previstas para cada persoa usuaria, previa comunicación o Concello que deberá prestar o seu

Concello de Lalín



conforme en función das programación da actividade.

Estas actuacións teñen como finalidade promover a integración do colectivo obxecto de intervención, realizando, por unha banda, mantemento das instalacións do centro e, por outra, actividades externas para a súa integración social en ámbitos fora do centro formativo, configurándose como programas prácticos do centro ocupacional, que contará coa supervisión directa dun/ha monitor/a do propio centro, así como do apoio dun/ha traballador/a social de ASPADEZA.

CUARTA.- Obrigas de Aspadeza.

- Cumprimento do/s programa/s que se describen na cláusula anterior.
- Facilitar a actuación do persoal técnico do Concello no referente ao seguimento das actividades obxecto da axuda.
- Facer constar en todo tipo de publicidade e información que se realice en desenvolvemento deste programa, a participación e colaboración co Concello de Lalín.
- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral do Concello de Lalín e/ou pola Concellería de Benestar, polo Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas función de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente convenio.

QUINTA.- Obrigas do Concello de Lalín.

- Colaboración do persoal técnico do Concello con Aspadeza no programa Desván municipal e nos roteiros.
- Entrega da cantidade á que fai referencia a cláusula sétima previa xustificación e presentación de documentación por parte da entidade Aspadeza.

SEXTA.- Natureza.

Este Convenio ten unha natureza puramente de colaboración e integración social, entendendo que as cantidades ás que o Concello de Lalín se compromete con ASPADEZA, son para cubrir gastos esenciais das actuacións a desenvolver no marco deste convenio, polo que non se pode referir a este Convenio ningunha natureza laboral, mercantil, civil ou de calquera outra clase xurídica.



CONCELLO DE LALÍN
www.lalin.gal

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as acción que constitúen o obxecto deste convenio co Concello de Lalín, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir ao Concello responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria.

Polo que ASPADEZA obrígase a ter suficientemente cuberto, coas pólizas e seguros que foran precisos, ao persoal que realice estas tarefas de colaboración, sen que o Concello teña ningunha obriga ao respecto, nin de aboar cantidade algunha para cubrir calquera risco.

SÉTIMA.- Financiamento e xustificación do gasto.

Para a realización das actuacións sinaladas na cláusula anterior o Concello de Lalín achegará no ano 2018 a cantidade de **DEZ MIL EUROS (10.000 €)** do orzamento municipal.

A cantidade a financiar polo Concello de Lalín á que se refire a cláusula anterior librarase logo de que logo de que ASPADEZA achegue a seguinte documentación:

1. Memoria das actividades desenvolvidas no marco deste Convenio.
2. Orzamento detallado de ingresos e gastos da actividade con expresión do seu financiamento.
3. Declaración responsable asinada polo/a Secretario/a da Asociación, na cal se determinará que se cumpren todos os requisitos determinados no artigo 13 da Lei 38/2003 para obter a condición de beneficiario/a e que dita Asociación non incorre en ningún suposto de incompatibilidade ou prohibición para a percepción de axudas públicas.
4. Certificado expedido polo/a Presidente/a relativo ao desenvolvemento das actividades polo que se acredite que a subvención foi destinada á finalidade para a que foi concedida, así como da obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados.
5. Xustificación do gasto realizado.- ***Facturas regulamentarias*** (con tódolos requisitos esixidos polo Real Decreto 1619/ 2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación) ou

Concello de Lalín

documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico mercantil.

As facturas deberán cumprir cos seguintes requisitos:

- Deberán ser orixinais, expedidos pola empresa subministradora dos bens ou servizos. Admitiranse copias compulsadas polo propio Concello, non obstante antes de realizar as fotocopias e compulsas das mesmas estamparase nos xustificantes orixinais un selo coa seguinte lenda: “documentación presentada neste organismo a efectos de subvención”. Asumirase compromiso de aportar os orixinais no momento que lle sexan requiridos. A factura deberá vir especificada en moeda local.
- Deberá constar na factura unha explicación do gasto. Se o xustificante non é o suficientemente claro neste aspecto, deberá ir acompañado de nota explicativa da que se deduza unha clara relación do gasto coa actividade subvencionada.
- Reflectirá os datos identificativos do expedidor (nome, apelidos, denominación ou razón social, NIF e domicilio).
- Reflectirá os datos identificativos do/a destinatario/a que deberá ser a entidade subvencionada (nome, apelidos, denominación ou razón social, NIF e domicilio).
- Incluirá unha descrición detallada e prezo unitario da operación e a súa contraprestación total, importe pagado e moeda. Deberá reflectirse o IVE correspondente ou imposto equivalente para o seu caso, que estea en vigor no país de emisión da factura. Cando a cota se repercute dentro do prezo deberá indicarse “IVE incluído”.
- Xustificantes de pago das facturas utilizadas para a xustificación. So se admitirán como xustificantes os pagos realizados mediante transferencia bancaria, polo que as facturas deberán acompañarse do correspondente xustificante de dita transferencia. No caso de pagos por importe igual ou inferior a 300 euros admitirase o pago en metálico ou cheque sempre e cando se faga constar na factura o selo do provedor, a dilixencia de



CONCELLO DE LALÍN
www.lalin.gal

factura pagada e o nome, DNI e sinatura da persoa que dilixencie o cobro da mesma.

- No caso de que se teñan realizado pagos que conleven retención de IRPF deberán presentar o correspondente modelo xustificativo de ter realizado o ingreso de dita retención na Axencia Tributaria.

O gasto xustificado documentalmente deberá acadar, como mínimo, o importe de **10.000€**. De non xustificarse o total do orzamento de execución do Convenio por causa imputable a Asociación de Pais de Diminuídos Psíquicos de Deza (ASPADEZA) o Concello de Lalín minorará a súa achega proporcionalmente.

6. Declaración do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas como pendentes de resolución, para a actividade obxecto deste Convenio.

7. Certificación de que a entidade beneficiaria se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

A presentación da documentación farase, en todo caso, **antes do 15 de decembro de 2018**.

OITAVA.- Modificación do Convenio.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administración ou entes públicos ou privados, nacionais, internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda contemplada no presente Convenio.

NOVENA.- Comisión de Seguimento.

Constitúese unha Comisión mixta de seguimento para a axeitada coordinación, avaliación e cumprimento do convenio.

Esta Comisión estará composta por :

Concello de Lalín : Concelleiro de Benestar Social
 Asesora Xurídica de Benestar
 Un/unha Traballador/a Social
 Educador/a Familiar

Concello de Lalín



CONCELLO DE LALÍN
www.lalin.gal

ASPADEZA: Representante Legal ou persoa na que delegue.
Traballador/a Social da entidade

A Comisión terá as seguintes funcións:

1. Efectuar o seguimento do grao de cumprimento do obxecto do convenio.
2. Resolver as controversias que poidan xurdir na interpretación e cumprimento do convenio.

DÉCIMA.- Duración.

O presente convenio estará vixente dende o 1 de xaneiro ata o 15 de decembro de 2018.

UNDÉCIMA.- Resolución.

Son causas de resolución do presente convenio e darán lugar non seu caso, ao reintegro das cantidades percibidas:

- Incumprimento total ou parcial das cláusulas establecidas no mesmo.
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.
- Mutuo acordo.

DUODÉCIMA.- Responsabilidades e causas de reintegro.

Son causas de reintegro da subvención, xunto cos xuros de demora correspondentes dende o momento do seu pago, as establecidas no Título II da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións. ASPADEZA quedará sometida ás responsabilidades e réxime sancionador establecidos na Lei Xeral de Subvencións e na Lei Xeral Orzamentaria.

DÉCIMO TERCEIRA.- Réxime Xurídico.

O presente convenio ten carácter administrativo e as lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio interpretaranse e resolveranse motivadamente polo Concello de Lalín, previo ditame non vinculante da comisión á que fai referencia a cláusula novena. Contra estas resolución e polo carácter administrativo

Concello de Lalín

Praza de Galicia, 1, Lalín. 36500 Pontevedra. Tfno. 986787060. Fax: 986780638



CONCELLO DE LALÍN
www.lalin.gal

deste convenio, poderanse interpor os oportunos recursos contencioso – administrativos. As cuestión litixiosas xurdidas da aplicación do presente Convenio, non resoltas en vía administrativa, serán resoltas pola Xurisdición Contencioso- Administrativa.

DÉCIMO CUARTA.- Protección de Datos de Carácter Persoal.

ASPADEZA comprométese a cumprir o Regulamento U.E. 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos, a Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e o Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica.

E, en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asinan e rubrican por triplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

CONCELLO DE LALÍN

ASPADEZA



O Sr. Alcalde
Rafael Cuiña Aparicio



A Sra. Presidenta
María Taboada García

Concello de Lalín

Praza de Galicia, 1, Lalín. 36500 Pontevedra. Tfno. 986787060. Fax: 986780638